

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

Eduardo Louredo Rodríguez (2015): “Aproximación á variación *está cantando ~ está a cantar* en galego”. *11. Deutscher Lusitanistentag 2015*. RWTH Aachen University (Aquisgrán, Alemaña), 16-19 setembro 2015.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# Aproximación á variación *está cantando ~ está a cantar* en galego

Eduardo Louredo Rodríguez

eduardo.louredo@usc.es

Instituto da Lingua Galega

Grupo de investigación GI-1743

Universidade de Santiago de Compostela

# 1. Introducción

- Sintaxe dialectal → escaseza de estudos en comparación co léxico, a morfoloxía e a fonética.
- Dificultades metodolóxicas.

# 1. Introducción

- Infinitivo xerundial: *a* + Infinitivo = Xerundio.
- Presenza en perífrases:
- *Estar a* + Inf. / *estar* + Xer. Perífrase aspectual que “destaca a parte central da acción” (Álvarez & Xove 2002: 360), no presente (1) no pasado (2) ou no futuro (3).
  - (1) Estou xogando cos meus amigos.
  - (2) Estiven xogando cos meus amigos.
  - (3) Estarei xogando cos meus amigos.

# 1. Introducción


- *andar a + Inf. / andar + Xer. (anda a xogar / anda xogando)*
- *seguir a + Inf. / seguir + Xer. (segue a traballar / segue traballando).*
- O infinitivo xerundial pode aparecer fóra de complexos verbais:
  - Vexo dous ratos *a comer* o queixo.
  - Vexo dous ratos *comendo* o queixo.

# 1. Introducción

- Estudo da variable.
  - Variación xeográfica no territorio galego.
  - Variación xeográfica e etaria nunha área menor do territorio.
- Análise:
  - interferencia positiva e interferencia negativa negativa Kabatek (1997).
  - Lingua como sistema complexo. Os falantes teñen, ou poden ter, ao seu dispor varias variantes que usan dependendo de diversos factores (p. ex. o contexto comunicativo).

## 2. Os datos da xeografía lingüística


- Atlas Lingüístico Galego (ALGa)
- Materiais recollidos a mediados dos anos 70.
- Informantes: persoas de arredor de sesenta anos (García et alii. 1977: 16), agricultores e gandeiros na maioría dos casos. Mapa 1: pregunta 473 do cuestionario do ALGa (*Ao pai vírono chorando / a chorar*). Elaboración propia coa axuda de Raquel Vila Amado.






## 2. Os datos da xeografía lingüística

- A área de *estar a* + Inf. ten continuidade xeográfica en Portugal (Carrilho & Pereira 2011), sendo esta variante a típica do norte e do centro de Portugal.
- No sur de Portugal, Madeira e os Azores: variante con xerundio (ao igual que ocorre no Brasil). Datos do CORDIAL-SIN.



Carrilho & Pereira 2011

- Desde os anos setenta Galicia viviu profundos cambios que alteraron a súa estrutura social, económica e lingüística.
- Sociolingüisticamente:
  - forte aumento de castelanfalantes, especialmente nas cidades e vilas, e o retroceso do uso do galego,
  - difusión a través da escola dun estándar, creado a principios dos 80.
- Necesidade de estudos dialectais que contemplen a variación lingüística dentro dunha mesma poboación.



# Informantes

<b>Xeración</b>	Xeración I	Xeración II	Xeración III
<b>Idade</b>	Máis de 60 anos	40-56 anos	16-30 anos
<b>Persoas entrevistadas</b>	10	10	10

# Informantes

- Lingua inicial e habitual dos informantes:
  - informantes da vila de Ribadavia: bilingües (galego-español) con predominancia do español.
  - Informantes rurais:
  - Xeracións I e II: monolingües en galego.
  - Xeración III: bilingües galego-castelán. Uso ocasional do español.

# Metodología

- Entrevista semidirigida e cuestionario.




Download from  
Dreamstime.com  
This watermarked comp image is for previewing purposes only.

ID 32664942  
© Serhiy Kobaykov | Dreamstime.com

# Estar a + Inf. / estar a + Xer.

- A área de estudo está na parte externa do territorio de *a + Inf.* Hipótese de traballo é que esta variante será máis frecuente, dentro do Ribeiro, nos puntos máis occidentais e meridionais
- A outra hipótese coa que traballamos é que se está a producir un cambio lingüístico que consiste no aumento de uso do xerundio en lugar de *a+Inf.* nas persoas máis novas.






# Estar a + Inf. / estar a + Xer.

- Cambio brusco: causa esóxena?: o contacto lingüístico.
  - Contacto co español
  - Contacto con variedades galegas nas que non se usa a+Inf.
- Contacto co español. Interferencias negativas, i. e., na lingua B aumenta o uso dunha variante coincidente coa lingua A mentres que a outra variante, inexistente na lingua A, diminúe o seu uso → interferencia negativa de converxencia, i. e., privilexíanse no discurso as estruturas lingüísticas comúns aos dous sistemas en contacto (Kabatek 1997: 223-224).

# Estar a + Inf. / estar a + Xer.

- Na vila de Ribadavia, punto máis urbano e españolizado, as maiores porcentaxes de uso de a + Inf. corresponden aos falantes das Xeracións II e III.
  - Xeración II: 15,79% (49 ocorrencias totais).
  - Xeración III: 23,38% (44 ocorrencias totais).
- Posibilidade: interferencia negativa de diverxencia: desexo de evitar estruturas comúns aos dous sistemas en contacto (Kabatek 1997: 223-224).
- Contexto comunicativo: Entrevista para un estudo sobre como falan. Escolla consciente e motivada dunha variante á que se lle dá un significado simbólico.



# Outras perífrases

	Xeración I	Xeración II	Xeración III
Infinitivo xerundial	4	4	2
Andar a + inf.	4	1	1
Seuir a + inf.	0	0	0

# Conclusións

- A variable lingüística a+Inf. / Xer. ten en galego unha distribución xeográfica clara, a xulgar polos datos do ALGa. É unha ampla zona suroccidental con continuidade máis alá da fronteira galego-portuguesa.
- O estudo feito na área do Ribeiro amosa que a variante a+Inf. retrocede nos informantes máis novos. Pasa de ser maioritaria na Xeración I a moi minoritaria na Xeración III.

# Conclusións

- Esta expansión pode ter como unha das súas causas o contacto lingüístico xa que en español as perífrases verbais de fase media constrúense só con xerundio (gal. *Está a chover / está chovendo*, esp. *está lloviendo*). Mais non por iso hai que minusvalorar o contacto coas variedades veciñas da área, onde se usa sempre o Xer.
- As linguas son sistemas complexos (sistema de sistemas). A mobilidade dos falantes e o ensino fai que cada persoa coñeza unha serie de variantes lingüísticas das que pode facer un uso consciente



Obrigado!

[eduardolouredo@gmail.com](mailto:eduardolouredo@gmail.com)